

O NOVO CURRÍCULO GALEGO

QUE NORMATIVA HAI QUE TER EN CONTA?

[Lei Orgánica 3/2020](#), do 29 de decembro, pola que se modifica a Lei Orgánica 2/2006, de 3 de maio, de Educación. LOMLOE

[Real Decreto 95/2022](#), do 1 de febreiro, polo que se establece a ordenación e as ensinanzas mínimas da [Educación Infantil](#).

[Real Decreto 157/2022](#), do 1 de marzo, polo que se establece a ordenación e as ensinanzas mínimas de [Educación Primaria](#).

[Real Decreto 217/2022](#), do 29 de marzo, polo que se establece a ordenación e as ensinanzas mínimas da [Educación Secundaria Obligatoria](#).

QUE NORMATIVA HAI QUE TER EN CONTA?

DECRETO 150/2022, de 8 de setembro, polo cal se establece a ordenación e o currículo da **educación infantil** na Comunidade Autónoma de Galicia.

DECRETO 155/2022, de 15 de setembro, polo cal se establece a ordenación e o currículo da **educación primaria** na Comunidade Autónoma de Galicia.

DECRETO 156/2022, de 15 de setembro, polo cal se establece a ordenación e o currículo da **educación secundaria obrigatoria** na Comunidade Autónoma de Galicia.

QUE NORMATIVA HAI QUE TER EN CONTA?

Orde do 30 de maio de 2023 pola que se desenvolve o Decreto 150/2022, de 8 de setembro, no cal se establece a ordenación e o currículo da educación infantil na Comunidade Autónoma de Galicia e se regula a avaliación nesa etapa educativa.

Orde do 26 de maio de 2023 pola que se desenvolve o Decreto 155/2022, de 15 de setembro, no que se establecen la ordenación y el currículo de la educación primaria na Comunidade Autónoma de Galicia e se regula a avaliación nesa etapa educativa.

Orde do 26 de maio de 2023 pola que se desenvolve o Decreto 156/2022, de 15 de setembro, no que se establecen la ordenación y el currículo de la educación secundaria obrigatoria na Comunidade Autónoma de Galicia e se regula a avaliación nesa etapa educativa.

COMO SE ORGANIZAN ESTAS ETAPAS?

A **educación infantil** constitúe a etapa educativa con identidade propia que atende a nenas e nenos **desde o nacemento ata os seis anos de idade**. Esta etapa ordéase en **dous ciclos**: o primeiro comprende ata os tres anos e o segundo dende os tres ata os seis anos de idade.

A **educación primaria** é unha etapa educativa que constitúe, xunto coa educación secundaria obrigatoria e os ciclos formativos de grao básico, **a educación básica**. A educación primaria comprende **tres ciclos** de **dous cursos académicos cada un** e organízase en áreas que terán un carácter global.

A **educación secundaria obrigatoria** comprende **catro cursos** e organízase en materias e en ámbitos. O **cuarto curso terá carácter orientador**, tanto para os estudos postobrigatorios como para a incorporación á vida laboral.

PRINCIPIOS GENERALES

A educación infantil ten carácter voluntario e comprende dos 0 ata os 6 anos. O segundo ciclo desta etapa educativa será gratuito. (de 3 a 6 anos).

A educación primaria é una etapa que comprende seis cursos académicos e ten carácter obrigatorio e gratuíto.

Con carácter xeneral, cursarase entre os seis e os doce anos de idade e o alumnado incorporarase ó primeiro curso da educación primaria no ano natural no que cumpra seis anos.

PRINCIPIOS GENERALES

A educación secundaria obrigatoria ten carácter obrigatorio e gratuíto

Cursarase, con carácter xeral, entre os doce e os dezaseis anos de idade anque as alumnas e os alumnos terán dereito a permanecer na etapa ata os dezoito anos de idade cumpridos no ano no que remate o curso.

Nesta etapa prestarase especial atención á orientación educativa e profesional do alumnado.

CALES SON OS COMPOÑENTES DO NOVO CURRÍCULO GALEGO?

Enténdese por currículo o conxunto de obxectivos, competencias, contidos, métodos pedagóxicos e criterios de avaliación.

Xa non hai estándares de aprendizaxe

COMPOÑENTES DO CURRÍCULO

Obxectivos de etapa: logros que se espera que o alumnado alcance ao finalizar a etapa e cuxa consecución está vinculada á adquisición das competencias clave.

Competencias clave: desempeños que se consideran imprescindibles para que o alumnado poida progresar con garantías de éxito no seu itinerario formativo e afrontar os principais retos e desafíos globais e locais. **Son a adaptación ao sistema educativo das competencias clave establecidas na Recomendación do Consello da Unión Europea do 22 de maio de 2018.**

COMPOÑENTES DO CURRÍCULO

Perfil de saída: concreción dos principios e fins do sistema educativo **referidos á educación básica** que fundamenta o resto de decisións curriculares.

O perfil de **saída** identifica e define as competencias clave que o alumnado debe desenvolver ao finalizar a educación básica, e introduce orientacións sobre o nivel de desempeño esperado ao **termo da educación primaria** e da educación secundaria obrigatoria a través dos correspondentes **descriptores operativos**.

COMPOÑENTES DO CURRÍCULO

Este perfil de saída é único e o mesmo para todo o territorio español.

Identifica e define o que o alumno debe saber ao finalizar a etapa educativa.

É a pedra angular de todo o currículo estatal.

COMPOÑENTES DO CURRÍCULO

QUE SON OS DESCRITORES OPERATIVOS?

Os **descriptores operativos** das competencias clave constitúen, xunto cos **obxectivos da etapa**, o marco referencial a partir do cal se concretan os **objetivos de cada área**, ámbito o materia. Esta vinculación entre descriptores operativos e obxectivos propicia que da avaliación destes últimos, a través dos correspondentes **criterios de avaliación** asociados, poda adquirirse o **grado de adquisición das competencias clave** definidas no perfil de saída e, polo tanto, a consecución das competencias clave e obxectivos xerais previstos para la etapa.

COMPOÑENTES DO CURRÍCULO

Obxectivos de área: desempeños que o alumnado debe poder despregar en actividades ou en situacións cuxa abordaxe require as aprendizaxes asociadas aos contidos de cada área ou ámbito.

Os obxectivos das áreas constitúen **un elemento de conexión entre, por unha banda, o perfil de saída do alumnado e, por outra, os criterios de avaliación e os contidos das áreas ou dos ámbitos.**

Criterios de avaliación: referentes que indican os niveis de desempeño esperados no alumnado nas situacións ou actividades ás que se refiren os obxectivos de cada área nun momento determinado do seu proceso de aprendizaxe.

COMPOÑENTES DO CURRÍCULO

Contidos: coñecementos, destrezas e actitudes propios dunha área ou dun ámbito e cuxa aprendizaxe é necesaria para adquirir o nivel de desempeño indicado nos criterios de avaliación e para o logro dos obxectivos da área.

Orientacións pedagóxicas: indicacións para orientar o profesorado no deseño e na planificación das estratexias, os procedementos e as accións docentes, de xeito consciente e reflexivo, coa finalidade de posibilitar a aprendizaxe do alumnado que lle permita o logro dos obxectivos e a adquisición das competencias.

CALES SON AS COMPETENCIAS CLAVE?

Competencias clave e perfil de saída do alumnado ao termo do ensino básico.

- a) Competencia en comunicación lingüística (CCL).
- b) Competencia plurilingüe (CP).
- c) Competencia matemática e competencia en ciencia e tecnoloxía (STEM).
- d) Competencia dixital (CD).
- e) Competencia persoal, social e de aprender a aprender (CPSAA).
- f) Competencia cidadá (CC).
- g) Competencia emprendedora(CE).
- h) Competencia en conciencia e expresión culturais (CCEC).

O currículo establece o desenvolvemento das competencias clave previsto no perfil de saída.

CALES SON AS COMPETENCIAS CLAVE?



Recomendación do Consello de 22 de maio de 2018 relativa ás competencias clave para a aprendizaxe permanente

QUE MATERIAS SE IMPARTEN EN EDUCACIÓN INFANTIL?

Áreas

As áreas da educación infantil son as seguintes:

- a) Comunicación e Representación da Realidade.
- b) Crecemento en Armonía.
- c) Descubrimento e Exploración da Contorna.

QUE MATERIAS SE IMPARTEN EN PRIMARIA?

Áreas

1. As áreas da educación primaria que se imparten en todos os cursos son as seguintes:

- a) Ciencias da Natureza.
- b) Ciencias Sociais.
- c) Educación Física.
- d) Educación Plástica e Visual.
- e) Lingua Castelá e Literatura.
- f) Lingua Estranxeira.
- g) Lingua Galega e Literatura.
- h) Matemáticas.
- I) Música e Danza.

2. Engadirase no sexto curso: -Educación en Valores Cívicos e Éticos.

QUE MATERIAS SE IMPARTEN NA ESO?

Áreas

1. Dependendo do curso que se estea a cursos o alumnado terá un bloque de materias obrigatorias e outro bloque de materias optativas.

Por exemplo, Bioloxía e Xeoloxía só se cursará en 1º e 3º da ESO como obrigatoria e é opcional no 4º curso.

QUE OCORRE CON RELIXIÓN?

As ensinanzas de **relixión** incluíranse en todas as etapas.

Ao comezo do curso, as persoas titoras legais poderán manifestar a súa vontade de que as persoas que tutelen **reciban ou non ensinanza de relixión**.

A área de **Proxecto Competencial** diríxese ao desenvolvemento das competencias transversais a través da **realización de proxectos significativos para o alumnado e da resolución colaborativa de problemas, reforzando a autoestima, a autonomía, a reflexión e a responsabilidade**, e que poderá configurarse a modo de traballo monográfico ou proxecto interdisciplinario ou de colaboración cun **servizo á comunidade**.

QUE OCORRE CON RELIXIÓN?

As actividades en ningún caso comportarán a aprendizaxe de contidos curriculares asociados ao coñecemento do feito relixioso nin a ningunha área da etapa.

A atribución docente do Proxecto Competencial correspóndelle ao profesorado de calquera das especialidades do corpo de mestres.

A avaliación da ensinanza da relixión católica e do Proxecto Competencial realizarase nos mesmos termos e cos mesmos efectos que a das outras áreas da educación primaria.

As cualificacións que se obtiveron na avaliación das ensinanzas de relixión e do Proxecto Competencial non se computarán nas convocatorias nas que deban entrar en concorrència os expedientes académicos.

COMO SE ORGANIZAN AS ÁREAS?

Estrutura curricular das áreas.

O dito currículo estrutúrase para cada área en:

- Introdución.
- Obxectivos, que serán comúns para todos os ciclos da etapa.
- Criterios de avaliación e contidos, organizados en bloques para cada un dos cursos da etapa.
- Orientacións pedagóxicas

HORARIO DAS ETAPAS

Horario.

As actividades escolares desenvolveranse, cando menos, ao longo de vinte e cinco horas semanais para educación primaria e infantil; e será de 32 horas na educación secundaria.

Os centros docentes, no uso da súa autonomía, poderán organizar o horario lectivo en cada xornada en sesións ou medias sesións que se poderán agrupar co fin de potenciar estratexias metodolóxicas.

COMO SE FAI UN HORARIO POR ÁMBITOS?

Agrupación de áreas en ámbitos

1. Os centros docentes poderán establecer **agrupacións de áreas en ámbitos** no marco do establecido a este respecto pola consellería con competencias en materia de educación.
2. O currículo dos ámbitos constituídos por agrupacións de áreas incluírá os obxectivos, os criterios de avaliación e os contidos das áreas que os conforman, así como o horario asignado ao conxunto delas.

QUE DEBE INCLUÍR A PROGRAMACIÓN?

Programacións didácticas.

Os centros docentes desenvolverán o currículo das ensinanzas mediante a elaboración das correspondentes programacións didácticas para cada unha das áreas.

QUE DEBE INCLUÍR A PROGRAMACIÓN?

As programacións didácticas das áreas ou ámbitos das ensinanzas de educación primaria incluírán, **como mínimo**, os seguintes elementos:

- a) **Introdución.**
- b) **Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias.**

QUE DEBE INCLUIR A PROGRAMACIÓN?

c) Relación de **unidades didácticas coa súa secuencia e temporalización**, que incluirán a parte do currículo da área que se traballará e a relación de instrumentos de avaliación.

d) **Metodoloxía.**

- Concrecións metodolóxicas.
- Materiais e recursos didácticos.

QUE DEBE INCLUIR A PROGRAMACIÓN?

e) **Avaliación.**

- Procedemento para a avaliación inicial.
- Criterios de cualificación con indicación do grao mínimo de consecución para a superación da área, e criterios de recuperación.

f) **Medidas de atención á diversidade.**

QUE DEBE INCLUIR A PROGRAMACIÓN?

g) Transversal.

- Concreción dos elementos transversais.
- Actividades complementarias.

h) Práctica docente.

- Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a práctica docente cos seus indicadores de logro.
- Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora da programación.

QUE DEBE INCLUIR A PROGRAMACIÓN?

O equipo docente realizará o seguimento das programacións didácticas.

Promoverase o uso das tecnoloxías da información e da comunicación na elaboración e modificación da concreción curricular.

ELEMENTOS TRANSVERSAIS

Elementos transversais

A comprensión de lectura, a expresión oral e escrita, a comunicación audiovisual, a competencia dixital, o fomento da creatividade, do espírito científico e do emprendemento traballaranse en todas as áreas.

A igualdade entre mulleres e homes, a educación para a paz, a educación para o consumo responsable e o desenvolvemento sostible e a educación para a saúde, incluída a afectivo-sexual.

Prestarase especial atención á orientación educativa, á acción tutorial e á educación emocional e en valores.

ELEMENTOS TRANSVERSAIS

A prevención e **resolución pacífica de conflitos** en todos os ámbitos da vida persoal, familiar e social, así como dos **valores que sustentan a liberdade, a xustiza, a igualdade, o pluralismo político, a paz, a democracia, o respecto polos dereitos humanos e o rexeitamento da violencia terrorista.**

A pluralidade, o respecto polo Estado de dereito, o respecto e a consideración polas vítimas do terrorismo, e a prevención do terrorismo e de calquera tipo de violencia.

ELEMENTOS TRANSVERSAIS

Evitaranse os comportamentos, **estereotipos e contidos sexistas**, así como aqueles que supoñan **discriminación por razón da orientación sexual ou da identidade de xénero**, favorecendo a visibilidade da realidade homosexual, bisexual, transexual, transxénero e intersexual.

Os centros docentes establecerán **mecanismos para favorecer a coordinación entre as diferentes etapas**.

PLANS EDUCATIVOS

Bibliotecas escolares e aproximación á lectura.

Educación dixital.

Promoción de estilos de vida saudables

PLANS EDUCATIVOS

Bibliotecas escolares e aproximación á lectura

Os centros docentes deberán incluír dentro do seu proxecto educativo e funcional un **plan lector** coa finalidade de promover a lectura, que se **concretará anualmente na programación xeral anual a través de actuacións destinadas ao fomento da lectura, da escritura e das habilidades no uso, no tratamento e na produción da información, en apoio da adquisición das competencias clave.**

PLANS EDUCATIVOS

Educación dixital

Os centros docentes deberán incluír dentro do seu proxecto educativo e funcional **un plan dixital de centro**, que se concibe como un **instrumento para mellorar o desenvolvemento da competencia dixital da comunidade educativa**, o uso das tecnoloxías dixitais no proceso de ensino e aprendizaxe e a transformación dos centros.

PLANS EDUCATIVOS

Promoción de estilos de vida saudables.

Os centros docentes deberán incluír dentro do seu proxecto educativo e funcional un plan de actividades físicas e hábitos saudables coa finalidade da práctica diaria de deporte e exercicio físico durante a xornada escolar e da promoción dunha vida activa...

**MOITAS GRAZAS
POLA SÚA ATENCIÓN**